


COMPREENSIÓN LECTORA

O texto está tomado dun libro de Agustín Fernández Paz, no que nos narra como a forza da amizade supera moitos muros, moitos valados.

Sinopse do libro:



Helena e Adrián son amigos inseparables, encántalles estar xuntos e xogar todo o tempo que poden. Un día, na súa vila comezan a suceder feitos preocupantes, coma se un vento estraño varrese a alegría das rúas e deixase odio e medo no seu lugar. As autoridades ordenan levantar barreiras -valos de arame, muros de cemento, gardas armados- para separar e illar unha parte da vila e as persoas que alí viven. Muros visibles, e tamén invisibles, que separan a Adrián e a Helena e lles impedirán estar xuntos. Os dous nenos terán que idear diversas estrataxemas para manter viva a intensa amizade

que os une.

CAPÍTULO I

Para Helena a súa vila é a máis fermosa do mundo. Algunhas noites, cando tarda en durmir, imaxina que Xoel e máis ela poden voar e elevarse ata o máis alto, como fan as aguias que nos días claros vixían o val. Despois, os dous descendén esvarando polas correntes de aire e, collidos da man, sobrevoan os lugares onde transcorre a súa vida, que desde o ceo parecen aínda máis bonitos que na realidade.

Son tantas as cousas que lle gustan da vila! As casas, as árbores, o río, a biblioteca, a praza... Sempre hai xente conversando polas rúas e, á tardiña, as terrazas do parque aparecen ateigadas de persoas alegres que comentan as incidencias do día. Ademais, os meses de frío son poucos e a calor nunca é abafante no verán.

A casa e Helena está nunha rúa de edificios idénticos. Todos teñen unha cheminea e dúas bufardas no tellado que dá á fronte, e tamén un pequeno xardín que a xente encheu de plantas diferentes. No da nena

medra unha enorme buganvilea que rube pola parede ata as fiestras do piso e se enche de flores vermellas nos días de calor.

Polas mañás, cando sae da casa, o primeiro que fai é ir chamar a Xoel, que reside noutra vivenda situada na parte baixa da vila, onde as rúas son estreitas e as casas máis antigas. Alí agarda polo seu amigo, que case sempre se atrasa porque é máis durmiñan e se lle pegan as sabas. Cando por fin aparece na porta, os dous se saúdan alegres e marchan xuntos camiño da escola.

A esa hora da mañá xa hai un mundo de xente polos comercios e tendas da rúa principal. Encántalles pararse diante dalgunhas, contemplar a variedade de peixes na peixaría de Estrela, os libros de capas atraentes que enchen o escaparate da librería, as froitas de mil cores no ultramarinos do señor Tomé.. Aínda que o que máis lles gusta é sentir o delicioso recendo ao pan acabado de facer que sae da panadaría de Rosa e inunda toda a beirarrúa.

Polas tardes sempre se reúnen baixo un gran carballo que hai máis alá do parque, nun prado que baixa en pendente ata acabar no río. O carballo é tan inmenso que, aínda estendendo ben os brazos, eles os dous non poden abranguer máis que unha parte cativa do tronco. Precisaríase de varios nenos e nenas máis para poder rodealo por enteiro.

A árbore ben podería chamarse Casa dos Paxaros, pois, á tardiña, échese de merlos, pimpíns, estorniños, rulas, carrizos, pardais e outros paxaros que se reúnen entre as súas pólas. A esa hora arman un abouxador boureo de chirlos, como unha orquestra onde cada instrumento fose polo seu lado, que vai diminuindo conforme avanza as sombras.

Tamén é unha casa para Helena e Xoel. Unha casa que os protexe do sol nos días de verán ou da choiva que as nubes descargan con furia nos meses de inverno. Moitas veces gabea a árbore arriba e soben ata o lugar onde o tronco se abre en tres grandes pólas. Desde o alto vese o río, que se curva para abeirar a vila, e os campos de millo e patacas, e os bosques que se estenden ata a liña do horizonte.

Alí arriba séntense como os náufragos dunha illa solitaria, lonxe das olladas da xente. Ou, os días en que o vento abala as pólas e axita as follas con intensidade, como mariñeiros dun barco solitario navegando por un mar de herba coas velas despregadas. Aquel lugar é como un refuxio secreto, o espazo ideal para os seus xogos.

O primeiro día de curso, a mestra léralles na clase un conto dunha cidade onde as persoas escribían ou debuxaban os seus desexos en follas de papel, e despois pendurábanas dunha árbore da praza principal, de maneira que as pólas aparecían sempre cubertas de papeis de cores que semellaban flores ou froitos exóticos. E aínda que o vento arrincaba as follas e as levaba polo aire, aínda que a chuvia as deixaba enchoupadas e facía ilexibles as palabras, a árbore nunca coñecía o inverno e cada mañá aparecía cuberta de novos papeis, pois os habitantes da cidade morrerían de pena se non puidesen poñer en palabras os seus desexos.

O conto gustáralles tanto que tamén eles decidiran facer algo parecido no seu carballo. Só que, para que ninguén máis o descubrise, pintaban con rotulador, no envés das follas, unha palabra que lles lembrase o desexo pedido. Acordaran non dicilos en voz alta, así que Xoel tiña que adiviñar por que Helena escribira AGUIA, BARCO, BICO, SEMPRE... E outro tanto lle ocorría a ela coas que ía escribindo o seu amigo, como AVIÓN, PIRATA, BICO e moitas máis.

COMPLETA SEGUNDO O QUE LICHES NESTE CAPÍTULO:

- Cando Helena tarda en durmir
- A Helena gústalle a súa vila porque
- A casa de Helena está
- A casa ten
- No xardín da súa casa medra

-Cando Helena sae da casa pola mañá o primeiro que fai

-Xoel vive

-Xoel sempre se retrasa porque

-Gústalles pararse

-Polas tardes Helena e Xoel reúnense

-O carballo é

-A árbore tamén podería chamarse

-Para Helena e Xoel o carballo

-Na parte máis alta da árbore séntense

-A mestra léalles un conto

-Xoel e Helena escribían no envés das follas

-Xoel tiña que adiviñar

-Helena tiña que adiviñar

Que palabras escribirías ti nas follas da árbore e por que?